



## BIBLIOTECA 2017-2018

O luns, **9 de outubro** abre as súas portas a biblioteca escolar para poñer a disposición da comunidade escolar libros de lectura e consulta e material audiovisual. A cada usuario faise entrega dun **carné amarelo** co seu número de lector (cómpre destruír o carné laranxa do curso anterior porque non é válido).

### CARNÉS E PRÉSTAMO

- ✚ Cada USUARIO (alumno ou profesor) ten un **carné persoal** que debe presentar para levar prestado o material da biblioteca e tamén para devolvelo, pero se alguén o esquece, temos unha lista de lectores a carón do ordenador co número de carné de cada un.
- ✚ Hai que achegarse sempre ao **espazo de xestión** para facer o rexistro informático do préstamo ou a devolución . Hai instrucións de funcionamento do taboleiro.
- ✚ Préstanse como **máximo 3 libros por lector durante 15 días**, AGÁS os **libros de lectura obrigatoria** da ESO, que só se prestan unha **semana**, renovable se non hai lista de espera.
- ✚ En Infantil e Primaria hai un **carné de grupo** para levar fondos (20/25 libros) para a biblioteca de aula que poderán usarse un mes, renovable se non hai lista de espera. Na ESO hai tamén un carné de aula para deixar en depósito algúns libros para a HORA DE LER. As MOCHILAS VIAXEIRAS de Infantil e 1º ciclo de Primaria teñen tamén o seu propio carné para deixar rexistrado o material que conteñen.
- ✚ O préstamo aos alumnos realízase nos recreos de cada etapa, no espazo de xestión, rexistrando sempre o préstamo e as devolucións no programa **Meiga**, a través do profesor de garda ou dos alumnos colaboradores.

### NORMAS

- ✚ A biblioteca é un espazo compartido no que lemos, traballamos, consultamos...
- ✚ Debemos comportarnos correctamente, non falar nin facer ruído, non comer, non correr....
- ✚ Temos que coidar o material que utilizamos e colocalo no seu sitio cando non o precisemos.
- ✚ Os ordenadores poden utilizarse nos recreos para facer consultas, pero debemos presentar a autorización asinada por algún profesor.

### HORARIO DE ATENCIÓN Á BIBLIOTECA

Todos os **recreos de Primaria** atendidos por ...

Mª Jesús, Isabel e Águeda e un grupo de alumnos colaboradores de 6º

Todos os **recreos de Secundaria** atendidos por ...

Nuria (luns e 2º recreo do mércores), Pilar (Martes, 1º recreo do mércores e Venres), Carmen Canosa ( Xoves)

Os **mércores de 11.05 a 14.00** e os **xoves de 10.30 a 12.30** Carmen Presedo está na biblioteca para atender calquera consulta. Tamén teñen sesións de dedicación á biblioteca Chus Azcárraga, Pilar Lorenzo, Ana Belén Ambroa, José Rodal, Mª Jesús Cabana, Mª Carmen Couceiro e Esther, en distintos días e sesións.

**ESPERÁMOSVOS!**

# HORA DE LER

## UNHA ACTIVIDADE COLECTIVA DO CPI CASTRO BAXOI PARA O FOMENTO DE LECTURA

- LEMOŞ CADA DÍA DURANTE VINTE MINUTOS,  
ALTERNANDO A SESIÓN DE LECTURA  
SEMANALMENTE SEGUNDO O CALENDARIO  
ADXUNTO. (1ª semana: 1ª sesión, 2ª semana: 2ª sesión... ata  
completar un ciclo de seis semanas que se repite ata xuño)
- CONSULTAMOS O CALENDARIO DE LECTURA AO  
CHEGAR A CLASE PARA SABER CANDO IMOS  
REALIZAR A ACTIVIDADE.
- TEMOS SEMPRE A MAN O QUE DESEXAMOS LER. .  
Podemos traer material da casa ou pedilo prestado na  
biblioteca do colexio. Tamén podemos usar o material das  
**CAIXAS** que proporciona a biblioteca a cada aula e que  
poderá renovarse sempre que sexa preciso. Se cambiamos de  
clase **LEMBRAMOS LEVAR CONNOSCO** o material de  
lectura e devolveo ao seu lugar ao rematar a sesión.
- LEMOŞ O QUE NOS APETECE: ENSAIOS, NOVELAS,  
POEMAS, PEZAS DE TEATRO, BANDAS DESEÑADAS,  
REVISTAS, XORNAIS, ETC., Os profesores das materias  
poden propoñer material de lectura alternativo se o cren  
conveniente, así como lectura compartida, en voz alta, etc.,  
pero sempre como outro xeito de ler por pracer.
- MANTEMOS ORDE E SILENCIO para crear un clima  
adechado para a lectura persoal e pracenteira.



**CURSO 2017-2018**

# HORA DE LER

**HOXE LEMOS OS VINTE PRIMEIROS MINUTOS DA ...**

<b>OUTUBRO</b>						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					



-----  
 -----  
**PRIMEIRA SESIÓN**  
**SEGUNDA SESIÓN**  
**TERCEIRA SESIÓN**

<b>NOVEMBRO</b>						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

**TERCEIRA SESIÓN**  
**CUARTA SESIÓN**  
**QUINTA SESIÓN**  
**SEXTA SESIÓN**  
**PRIMEIRA SESIÓN**

<b>DECEMBRO</b>						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

**PRIMEIRA SESIÓN**  
**SEGUNDA SESIÓN**  
**TERCEIRA SESIÓN**  
**CUARTA SESIÓN**  
 -----

**SEXTA SESIÓN DE LUNS E MÉRCORES: 1ª da tarde (non lemos na 2ª sesión da tarde)**

**LIÑA AMARELA:** Lemos na **1ª sesión** da mañá (inicio do ciclo de lectura que se prolongará durante seis semanas cambiando sucesivamente a sesión de lectura, de 1ª a 6ª)

**CURSO 2017-2018**

# HORA DE LER

**HOXE LEMOS OS VINTE PRIMEIROS MINUTOS DA ...**



<b>XANEIRO</b>						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

-----
<b>QUINTA SESIÓN</b>
<b>SEXTA SESIÓN</b>
<b>PRIMEIRA SESIÓN</b>
<b>SEGUNDA SESIÓN</b>

<b>FEBREIRO</b>						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28				

<b>SEGUNDA SESIÓN</b>
<b>TERCEIRA SESIÓN</b>
<b>CUARTA SESIÓN</b>
<b>QUINTA SESIÓN</b>
<b>SEXTA SESIÓN</b>

<b>MARZO</b>						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

<b>SEXTA SESIÓN</b>
<b>PRIMEIRA SESIÓN</b>
<b>SEGUNDA SESIÓN</b>
<b>TERCEIRA SESIÓN</b>
-----

**SEXTA SESIÓN DE LUNS E MÉRCORES: 1ª da tarde (non lemos na 2ª sesión da tarde)**

**LIÑA AMARELA:** Lemos na **1ª sesión** da mañá (inicio do ciclo de lectura que se prolongará durante seis semanas cambiando sucesivamente a sesión de lectura, de 1ª a 6ª)

**CURSO 2017-2018**

# HORA DE LER

**HOXE LEMOS OS VINTE PRIMEIROS MINUTOS DA ...**



<b>ABRIL</b>						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

	<b>CUARTA SESIÓN</b>
	<b>QUINTA SESIÓN</b>
	<b>SEXTA SESIÓN</b>
	<b>PRIMEIRA SESIÓN</b>
	<b>SEGUNDA SESIÓN</b>

<b>MAIO</b>						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

	<b>SEGUNDA SESIÓN</b>
	<b>TERCEIRA SESIÓN</b>
	<b>CUARTA SESIÓN</b>
	<b>QUINTA SESIÓN</b>
	<b>SEXTA SESIÓN</b>

<b>XUÑO</b>						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

	<b>SEXTA SESIÓN</b>
	<b>PRIMEIRA SESIÓN</b>
	<b>SEGUNDA SESIÓN</b>
	<b>TERCEIRA SESIÓN</b>

**SEXTA SESIÓN DE LUNS E MÉRCORES: 1ª da tarde (non lemos na 2ª sesión da tarde)**

**LIÑA AMARELA: Lemos na 1ª sesión da mañá (inicio do ciclo de lectura que se prolongará durante seis semanas cambiando sucesivamente a sesión de lectura, de 1ª a 6ª)**

**CURSO 2017-2018**

*CPI CASTRO BAXOI. ITÍNERARIOS LECTORES ESO. CURSO 2017- 2018*

CURSO	MATERIA	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1º ESO	Galego Obrigatorios	<b>O misterio dos fillos da lúa,</b> Fina Casalderrey	<b>Cartas de amor,</b> Fran Alonso	<b>Palabras de caramelo,</b> Gonzalo Moure
	Opcionais	Son un cabalo, Gonzalo Moure - Amar e outros verbos, Ana M.ª Fdez. - Os nosos versos, A. García Teijeiro		
	Castelán	<b>Los niños de la viruela,</b> María Solar	<b>León Kamikaze,</b> Álvaro García Hernández, Ed. S.M.	<b>El príncipe de la niebla,</b> Carlos Ruíz Zafón , Ed, Planeta
	CCSS	Lectura de artigos, revistas e fragmentos de obras proporcionados polo Departamento		
	CCNN	<b>La clave secreta del Universo,</b> de Lucy e Stephen Hawking. Editorial Montena		
	Matemáticas	<b>El diablo de los números,</b> Hans Magnus Enzensberger -Non obrigatorio-		
	EPV	Un libro da serie <b>Astérix o Galo,</b> Goscinny e Uderzo	<b>Lejos de Boneville</b> Serie Bone, Jeff Smith	Un libro da serie <b>Os Barbazóns</b> de Pepe Carreiro

*CPI CASTRO BAXOI. ITINERARIOS LECTORES ESO. CURSO 2017- 2018*

CURSO	MATERIA	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
2º ESO	Galego Obrigatorios	<b>Tristes armas</b> , Marina Mayoral	<b>O achado do castro</b> , Núñez Singala	<b>Pel de lobo</b> , Xosé Miranda
	Opcionais	A neta do señor Linh, Philippe Claudel	Os nosos versos, A. García Teijeiro	Poetízate, Fran Alonso
	Castelán Obrigatorios	<b>Un grito de amor desde el centro del mundo</b> , Kyoichi Katayama, Ed. Alfaguara	<b>Eleanor y Park</b> , Rainbow Rowell, Ed Alfaguara	<b>La isla misteriosa</b> , Julio Verne. Alianza Editorial
	Opcionais	Bailarás cometas bajo el mar, Xoel López	El chico de las estrellas, Chris Pueyo El odio que das, Angie Thomas	Las memorias de Sherlock Holmes, Arthur Conan Doyle, Ed. Anaya Encerrados en la casa de atrás. Sharon Dogar
	CCSS	<b>No ano do cometa</b> , Xoan Bernárdez Vilar, Ed Xerais - <b>Cruzada en jeans</b> , Thea Beckman, Ed Gran Angular - <b>El herrero de la luna llena</b> , Isabel Molina, Ed. Alfaguara -Escoller un dos tres-		
	Matemáticas	<b>El asesinato del profesor de matemáticas</b> , Sierra i Fabra, Jordi -Non obrigatorio-		

*CPI CASTRO BAXOI. ITINERARIOS LECTORES ESO. CURSO 2017- 2018*

CURSO	MATERIA	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
3º ESO	Galego Obrigatorios	<b>Nun lugar chamado guerra,</b> Jordi Sierra y Fabra	<b>As lágrimas de Shiva,</b> César Mallorquí	<b>Anagnórise, M.ª Victoria</b> Moreno
	Opcionais	Penúltimas tendencias, Carlos Negro	Apocalypse Z, Manuel Lourenzo	Sobrevives, Fina Casalderrei
	Castelán Obrigatorios	<b>Martes con mi viejo profesor,</b> Mich Albom	<b>Fahrenheit 451,</b> Ray Bradbury	<b>Demian: Historia de la</b> <b>juventud de Emil Sinclair,</b> Hermann Hesse
	Opcionais	Cartas a un joven poeta, Rainer Maria Rilke Náufragos, Laura Pérez	El nombre de la rosa., H. Eco Todo lo que nunca te dije lo que guardo aquí, Sara Herranz	Aquel verano, Jillian Tamaki El señor de las moscas, William Golding
	CCSS	<b>Marcovaldo, Italo Calvino- Camiños na auga, Manuel Núñez Singala, Ed. Galaxia - Festina</b> <b>Lente, Marcos Calveiro, Ed. Xerais</b> -Escoller un dos tres-		
	Matemá- ticas	<b>El contable hindú,</b> David Leavitt -Non obrigatorio-	<b>Planilandia,</b> Edwin A. Abbott -Non obrigatorio-	
	CCNN	<b>Un viaje alucinante,</b> I. Asimov	<b>Balmis y los niños de la vacuna,</b> Luis Blanco Laserna	
	EPeV	<b>Tintín,</b> Hergé (un libro da serie)	<b>A mansión dos Pampín,</b> Miguelanxo Prado	<b>Cita na Habana,</b> Fran Jaraba Ed. Xerais



*CPI CASTRO BAXOI. ITINERARIOS LECTORES ESO. CURSO 2017- 2018*

CURSO	MATERIA	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
3º ESO PMAR	Ámbito lingüístico e social	<p>OBRIGATORIOS:</p> <p><b>La casa de la linterna</b>, Carlos de Castro (castelán)</p> <p><b>Reo</b>, Xesús Fraga. (Galego)</p> <p><b>Cartas de inverno</b>, Agustín Fernández Paz, Xerais (galego)</p> <p><b>Mecanoscrito del segundo origen</b>, Manuel de Pedrolo (castelán)</p> <p><b>La evolución de Calpurnia Tate</b>, Jacqueline Kelly</p> <p><b>Cando petan na porta pola noite</b>, Xavier P. Docampo, Xerais, (Galego)</p>	<p>OPCIONAIS:</p> <p><i>Camiños na auga</i>, Manuel Núñez Singala, Galaxia</p> <p><i>Asústate Merche</i>, Fina Casalderrey, Xerais,</p> <p><i>O corazón de Xúpiter</i>, Leticia Costas, Xerais</p> <p><i>Rebeldes</i>, S. H. Hinton, Alfaguara,</p> <p><i>Dragal I</i>, A herdanza do dragón, Elena Gallego Abad, Xerais</p> <p><i>Manual de instrucións para querer a Irene</i>, Carlos Mosteiro, Galaxia</p> <p><i>A miña planta de laranxa lima</i>, José Mauro de Vasconcelos, Primerapersona,</p> <p><i>Anagnorise de Mª Victoria Moreno</i></p> <p><i>As crónicas de Landereina</i> de Sabela González.</p>	

*CPI CASTRO BAXOI. ITINERARIOS LECTORES ESO. CURSO 2017- 2018*

CURSO	MATERIA	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
4º ESO	Galego Obrigatorios Opcionais	<b>Noite de voraces sombras,</b> Agustín Fernández Paz	<b>Os vellos non deben de namorarse,</b> Castelao	<b>Anagnórise,</b> M.ª Victoria Moreno
		O señor Ibrahim e as flores do Corán, Eric Emmanuel Schmitt		
	Castelán	<b>Pedro Páramo,</b> Juan Rulfo, Ed Cátedra <b>Contrato con Dios,</b> Will Eisner, Ed. Norma	<b>Una habitación en Babel,</b> Eliacer Cansino, Ed. Anaya	<b>El nido,</b> Kenneth Oppet, Ed. Océano Gran Travesía
	EPeV	<b>Arrugas,</b> Paco Roca - <b>Los surcos del azar,</b> Paco Roca	<b>Persépole,</b> Majane Satrapi	<b>Maus,</b> Art Spiegelman
	CCSS	Artigos de prensa en soporte papel e virtual seleccionados polos alumnos e/propostos polo Departamento		
	CCNN	<b>Yo, simio</b> de Sergio Gómez - <b>Viaje de un naturalista alrededor del mundo,</b> Charles Darwin, Ed. Miraguano - <b>La invención de la naturaleza. El nuevo mundo de Alexander Von Humboldt,</b> Andrea Wulf, Ed. Taurus		
	Matemá- ticas	<b>La fórmula preferida del profesor,</b> Yoko Ogawa  -Non obrigatorio-	<b>El asesinato de Pitágoras,</b> Marcos Chicot  -Non obrigatorio-	

# **CPI CASTRO BAXOI. PLAN ANUAL DE LECTURA 2017-2018**

**ETAPA:** \_\_\_\_\_ **DPTO/ CURSO/NIVEL:** \_\_\_\_\_

1. ITINERARIOS LECTORES (títulos ou tipoloxía dos libros de lectura obrigatoria) E HORA DE LER.

2. PROXECTOS DE TRABALLO E ACTIVIDADES DE LECTURA E ESCRITURA CREATIVA E CIENTÍFICA.

-Descrición/título das actividades

-Desenvolvemento

-Materiais e medios utilizados (internet, biblioteca...)

-Documentos producidos (presentacións, murais, informes...)

3. CELEBRACIÓNS ANUAIS

-Descrición/título das actividades

-Desenvolvemento

-Materiais e medios utilizados (internet, biblioteca...)

-Documentos producidos (presentacións, murais, informes...)

- SAMAÍN
- DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (25 DE NOVEMBRO)
- NADAL
- DÍA DA PAZ (30 DE XANEIRO)
- ANTROIDO (EXPEDICIÓN AOS CONTINENTES: AMÉRICA)
- DÍA DA MULLER TRABALLADORA (8 DE MARZO)
- DÍA DO LIBRO (23 DE ABRIL)
- DÍA DAS LETRAS GALEGAS E MAIOS (15 DE MAIO)

4. MOCHILAS/CADERNOS VIAXEIROS E OUTRAS ACTIVIDADES QUE IMPLIQUEN ÁS FAMILIAS.

6. OBRADOIROS

7. CHARLAS E INTERVENCIÓNS PUNTUAIS DE PROFESIONAIS E ANIMADORES (escritores, ilustradores, contacontos, músicos, membros de asociacións, representantes municipais...)

8. ACTIVIDADES CULTURAIS E VISITAS

9. OUTROS.

# INTRUCIÓNS PARA O PRÉSTAMO A TRAVÉS DO PROGRAMA MEIGA

1. Encendemos o ordenador de xestión nº 1 (o da esquerda)
2. Prememos na sesión **PRÉSTAMO**. e escribimos, en maiúsculas, o contrasinal **PRES**
3. No escritorio, prememos en PROXECTO MEIGA e escribimos o nome de usuario en minúsculas e o contrasinal en maiúsculas:



Usuario: **pres**

Contrasinal: **PRES**

4. Entramos no programa e na parte superior esquerda da pantalla prememos na icona que ten un libro e unha man.



5. Este é o cadro de diálogo que imos empregar:

Nº rexistro	Nº volume	Data inicio	Data fin	Estado / Lector
-------------	-----------	-------------	----------	-----------------

## 5.1. EMPRÉSTITO:

- No cadro de diálogo, á esquerda, prememos en **empréstito**.
- En **datos de lector**, escribimos o **número de lector** (hai unha lista a carón do ordenador) e prememos na tecla **Enter**
- En **datos libro**, escribimos o **número de rexistro** que está na 1ª primeira páxina do libro e prememos na tecla **Enter**

Operación

- **Empréstitos**
- Devolucions
- Lista espera

Datos lector

Nº lector > 541 DNI / NIF > [ ]

Nome > Presedo Díaz, María Carmen

Datos libro

Cód. barras > 9788496231634 Registro > 3422 Nº volume > 1

Signatura > 82-NC AUE cla ?

Título > El clan del oso cavernario

Datos

Data inicio > 30/11/2016 Máximo días préstamo > 15 Data fin > 15/12/2016

Nº rexistro	Nº volume	Data inicio	Data fin	Estado / Lector

Disponible

aceptar limpar gecha

- Paso final imprescindible, prememos en **ACEPTAR** para rexistrar o préstamo (en **datos** aparece o nº de rexistro do libro, a data de préstamo e a de devolución). Xa está feito!

Operación

- **Empréstitos**
- Devolucions
- Lista espera

Datos lector

Nº lector > 541 DNI / NIF > [ ]

Nome > Presedo Díaz, María Carmen

Datos libro

Cód. barras > [ ] Registro > [ ] Nº volume > 1

Signatura > [ ] [ ] [ ] ?

Título > [ ]

Datos

Data inicio > 30/11/2016 Máximo días préstamo > 15 Data fin > 15/12/2016

Nº rexistro	Nº volume	Data inicio	Data fin	Estado / Lector
3422	1	30/11/2016	15/12/2016	E

aceptar limpar gecha

- 5.2. DEVOLUCIÓN

- No cadro de diálogo, á esquerda, prememos en **devolución**.

Escribimos o número de lector **OU** o número de registro do libro e prememos na tecla do ordenador



- No cadro de diálogo, no apartado de **datos** facemos clic no libro que queremos devolver, que queda sombreado en negro, e prememos en **ACEPTAR**.

Nº registro	Nº volume	Data inicio	Data fin	Estado / Lector
3422	1	02/12/2016	17/12/2016	E
6325	1	02/12/2016	17/12/2016	E

## DURACIÓN DO PRÉSTAMO

LIBROS DE LECTURA OBRIGATORIA: unha semana

O RESTO DO MATERIAL: quince días

MATERIAL PARA AS BIBLIOTECAS DE AULA: O tempo que se precise

-O préstamo pode renovarse se non hai lista de espera-



# No outono 2017

LEMOS **lemos** lemos LEMOS lemos *lemos* lemos *lemos* **lemos** lemos

*lemos* lemos lemos **LEMOS !**

# 25 DE NOVIEMBRE 2018

## DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Falamos do tema na clase, escoitamos e cantamos a canción de Amaral "Salir corriendo". Temos o vídeo desta canción o moitos outros recursos para traballar na clase en: CPI Castro Baxoi- Aula virtual-Biblioteca-Día contra a violencia de xénero (entrar como convidado) ou pinchando neste enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/aulavirtual2/course/view.php?id=203>

### AMARAL . "Salir corriendo"

Nadie puede guardar toda el agua del mar  
en un vaso de cristal

¿Cuántas gotas tienes que dejar caer  
hasta ver la marea crecer?

¿Cuántas veces te ha hecho sonreír?

Esta no es manera de vivir

¿Cuántas lágrimas puedes guardar en tu vaso de cristal?

Si tienes miedo, si estás sufriendo,  
tienes que gritar y salir, salir corriendo

¿Cuántos golpes dan las olas  
a lo largo del día en las rocas?

¿Cuántos peces tienes que pescar  
para hacer un desierto del fondo del mar?

¿Cuántas veces te ha hecho callar?

¿Cuánto tiempo crees que aguantarás?

¿Cuántas lágrimas vas a guardar  
en tu vaso de cristal?

Si tienes miedo, si estás sufriendo  
tienes que gritar y salir, salir corriendo.





## AUDIO-LIBROS E CÓDIGO QR

- Instalamos no noso teléfono móbil ou tablet unha aplicación para ler códigos QR
- Escaneamos o código QR que leva cada libro co teléfono ou tablet
- Escoitamos a lectura realizada polos alumnos



CPI CASTRO BAXOI. CURSO 2017-2018

## AUDIO-LIBROS E CÓDIGO QR

- Instalamos no noso teléfono móbil ou tablet unha aplicación para ler códigos QR
- Escaneamos o código QR que leva cada libro co teléfono ou tablet
- Escoitamos a lectura realizada polos alumnos



CPI CASTRO BAXOI. CURSO 2017-2018

## AUDIO-LIBROS E CÓDIGO QR

- Instalamos no noso teléfono móbil ou tablet unha aplicación para ler códigos QR
- Escaneamos o código QR que leva cada libro co teléfono ou tablet
- Escoitamos a lectura realizada polos alumnos



CPI CASTRO BAXOI. CURSO 2017-2018

**EXPEDICIÓN AOS CONTINENTES: AMÉRICA**  
**COÑECENDO MÉXICO**  
**(Obra de teatro para 2º de EP)**



**MARTÍN:** Bo día a todos e todas. Unha vez máis o alumnado de 2º de Educación Primaria quere colaborar co proxecto da Biblioteca do noso centro titulado “Expedición aos continentes”. Este ano o noso cole traballará en torno ao continente americano.

**ANTÍA D. :** Como podedes comprobar polas nosas vestimentas, fixemos un proxecto de investigación e aprendimos unha chea de cousas dun país marabilloso: MEXICO!!!!!!

**MARTÍN:** Empezaremos facendo un repaso pola súa historia. Antes de que os españois chegaran a América, habitaron aquelas terras uns pobos fascinantes: Os maias e os aztecas.

**ANTÍA D. :** Estade atentos ao que nos van contar os compañeiros e compañeiras sobre estas civilizacións.

**XIANA:** A civilización maia é a máis antiga. Estaba asentada no sur de México. Tiñan grandes cidades coma Chichén Itzá, Tical ou Copán. Era unha cultura moi avanzada para a súa época.

**MANUEL:** Aínda que naquel tempo non había ordenadores nin internet, foron grandes arquitectos, astrónomos ou matemáticos.

**UXÍA:** Éche ben certo! Construían cidades enormes con edificacións case do tamaño dun edificio de 25 pisos. Pero esas edificacións con forma de pirámide non eran para a xente. Eran templos adicados aos seus deuses.

+++++

**MARTÍN:** E que sabemos da súa moda e dos complementos? Penso que eran un pouco presumidos.

**ANTÍA D. :** Non creo que os nosos compis queiran facer un pase de modelos, pero ao mellor poden informarnos sobre o tema.

**ELOY:** As mulleres levaban saias longas e camisas bordadas con flores alegres. Os homes vestían un calzón especial chamado “patí” , adornado sempre con cores e bordados, dando un toque de alegría ás súas prendas.

**LOLA LAMAS :** Adoitaban usar moitos adornos na cabeza: panos de cores, diademas, sombreiros... Os ricos levaban xoias de ouro como complementos.

**LINH:** Modificaban os seus cranios para alongalos e pintaban os dentes de negro para verse guapos.

**ALEJANDRA:** Que curioso! Hoxe pagamos moitos cartiños para que o dentista nos faga un tratamento branqueante. Cambioche ben o conto!

+++++

**MARTÍN:** Os maias tiñan un sistema de escritura parecido ao xeroglífico. Ademais falaban uns trinta dialectos.

**ANTÍA D. :** As matemáticas non eran coma as nosas, pero grazas aos seus cálculos podían predicir a posición dos planetas. A ver que máis nos teñen que contar sobre isto.

**ALBA:** Os maias crearon un sistema numérico que consistía en raias e puntos para representar as cifras. Tamén engadiron un signo para representar o cero.

**ALEX C.:** Grazas aos seus cálculos sabían a posición exacta e a traxectoria dos planetas do nos sistema solar. Eran moi listiños!

+++++

**MARTÍN:** Falemos agora da civilización azteca. Chegaron despois dos maias e asentáronse na zona centro de México. Eles chamábanse mexicas.

**ANTÍA D. :** A capital dos aztecas ou mexicas era Tenochtitlán. Esta cidade estaba construída sobre un illote no centro dun gran lago.

**NAGORE:** Os aztecas tiñan moitas diversións no día a día: reuníanse en centros para relacionarse, para comer, para ir de compras, ... en fin case, case como no Marineda City.

**CRISTIAN:** Pero a distracción máis importante para os aztecas era o xogo da pelota chamado “ulama”. Neste xogo moitos nenos se convertían en atletas e grandes celebridades.

**UXÍA:** Igualiño, igualiño que no fútbol de hoxe en día. Habería xa daquela un Mesi ou un Cristiano?

+++++

**MARTÍN:** Pero no todo era diversión. Tamén tiñan que estudar coma nós. Esta visto que non hai quen se libre da escola!

**ANTÍA D. :** O saber non ocupa lugar. Ademais eran moi bos agricultores. Cada vez había máis persoas, enon había terra para cultivar o que necesitaban para alimentar a tanta xente.

**DANIELA:** Os mexicas tiveron unha xenial idea. Poñer sobre o lago troncos de madeira e terra, formando illas artificiais para poder cultivar. Estas illas eran as chinampas.

**SAMUEL :** Os seus estudos estaban divididos en dúas etapas. Na primeira etapa os pais eran os encargados de educar aos seus fillos ata que cumprían 14 anos.

**ALEX R.:** Na segunda etapa había dous tipos de escola: unha para aprender a facer a guerra. Outra para estudar escritura, astronomía, teoloxía...

**LOLA FREIRE:** Os aztecas prestaban especial atención ao Sol , á Lúa e a Venus. Ademais coñecían varias constelacións, como a Osa Maior.

**PACO:** Tamén eran bos guerreiros. Durante as batallas moitas veces escondían os seus rostros tras unhas máscaras.

**ANA:** Estas máscaras representaban a deuses e animais con enormes poderes. Seguro que cando o inimigo se encontraba con eles xa morrían de medo vendo esas pintas.

**MARTÍN:** Se queredes aprender máis cousas sobre México esperade polos compañeiros de 2ºB.

**ANTÍA D. :** Nun momentinho seguirán contándonos moito máis.

**MARTÍN:** Agora que xa coñecemos parte da historia deste país, gustaríanos saber algo máis actual. Se quero ir de viaxe a México, que lingua terei que falar?

**ANTÍA D. :** Non tes que aprender ningunha lingua nova, alí fálase español, pero algunhas palabras e expresións son distintas ás nosas. A ver que nos contan sobre este tema.!

**DAVID:** En México fálase español e ademais teñen sesenta e oito lingua orixinais, entra as que destaca o Náhuatl por ser a lingua indíxena con maior número de falantes.

**ANTÍA A.:** “Ay güey! Como dirían en México cando algo lles sorprende. Imaxínade que tiveramos que aprender todas esas linguas!

Ben nos chega co galego, o castelán e o inglés.

**JULIÁN:** Se un mexicano che di que te vai “apapachar” non fuxas, vaiche dar un achuchón. Voute apapachar!

**DAIRA:** E cando escoites Que pedo? Non penses que vai ulir mal, estanche a preguntar que tal che vai.

**LUCAS:** Pois eu vouvos dicir ata logo como fan os rapaces mexicanos “Ahí nos vidrios” que significa verémonos logo.

+++++

**MARTÍN:** De momento todo o que nos están contando está “padrísimo”, é dicir, que é estupendo.

**ANTÍA D. :** Padrísimo, si. E xa que nos estamos divertindo... Que nos poden contar dalgunha festa?

ÁNGEL: Unha das festas máis importantes é o Día dos mortos, do mesmo xeito que noutras partes do mundo celebran o Halloween ou o Samaín.

GABRIEL: É unha festa moi alegre. Ese día é moi frecuente ver ós “mariachis” que son un grupo de músicos que cantan e tocan instrumentos como o guitarrón, trompeta, violín ou acordeón.

CAROLINA: Este ano viñeron ao noso centro un grupo de mariachis o día que celebramos o Magosto e Samaín. Unha das cancións mexicanas que cantaron foi a da Cucaracha. Cantádea con nós.

La cucaracha, la cucaracha

Ya no puede caminar

Porque no tiene

Porque le faltan

Las dos patitas de atrás

+++++

MARTÍN: Con tanta festa estame entrando fame. Que platos típicos se comen en México?

ANTÍA D. : Podes comer tacos, burritos, guacamole, tamales... Algúns deles sonche moi picantes!

DIEGO UCEIRA: Os ingredientes vexetais que máis se utilizan en México para cociñar son o millo, os chiles e os frijoles. Os chiles son como pementos moi picantes e os frijoles son legumes parecidos ás nosas fabas.

IRENE: Co millo fan unhas tortillas ou pan que despois enchen cunha variedade de carne ou verduras. Os tacos , burritos, enchiladas e fajitas fanse coas tortillas de millo.

IRIA: Outros platos típicos son o pozole e a cochinita pibil.O pozole é unha sopa que leva millo,carne e outros condimentos.A cochinita pibil é carne de porco envolta en follas de plátano e forneada baixo terra.

+++++

**MARTÍN:** México é un país megadiverso. Entre máis de cento noventa países que existen no mundo, está entre os cinco primeiros no número de especies de plantas e animais.

**ANTÍA D. :** Gustaríame saber cales son algúns dos animais máis representativos.

MATEO:O ajolote é un pequeno animal que vive nos ríos e lagos do centro de México. É unha especie de salamandra que está en perigo de extinción.

MARCOS: O cacomiztle é un mamífero moi parecido a un gato e un mapache. Todo ó mesmo tempo! Pode trepar con axilidade ás árbores, correndo e brincando para despistar ós depredadores.

JAIME: O cenxontle é un ave que pode imitar tanto animais como persoas, e incluso o son das máquinas.

MENCÍA:O escuintle é unha das razas de cans máis codiciadas no mundo enteiro. Está considerado en perigo de extinción. Os aztecas o utilizaban tamén como alimento, non so como mascota.



ELÍAS: O chapulín é un saltamontes mexicano que serviu como alimento durante centos de anos. E o “Chapulín colorado” é un superheroe mexicano inspirado neste insecto.

+++++

MARTÍN: O ano pasdo estudamos unha das figuras máis importantes da arte mexicana: Frida Kahlo. Foi unha pintora moi famosa que tivo unha vida moi dura debido á súa saúde.

ANTÍA D. : O seu marido, Diego Rivera, tamén foi un gran pintor. Con el chegou a casar dúas veces.

TEO: A especialidade de Frida eran os autorretratos. Empezounos a pintar cando tivo que pasar máis dun ano na cama a causa dun accidente de tráfico. Chegou a pintar 55 autorretratos.

ÁNGELA: O seu marido, Diego River, pintou grandes murais sobre a historia e a sociedade de México. Pintaba os murais nos teitos e paredes de edificios públicos.

DIEGO VASCONCELLOS: Pois eu non sei por que se enfadan os nosos pais cando decoramos as paredes da habitación coas ceras de cores . Ao mellor Diego Rivera empezou así, e mirade que famoso é!

+++++

MARTÍN: Agora xa sabedes un pouquiño máis de México: da súa historia e do seu presente.

ANTÍA D. : Esperamos que fóra do voso agrado e despedímonos como os mexicanos. Ahí nos vidrios!!!!

